

**Datos Do Expediente:**

XUNTA DE GOBERNO LOCAL	
Unidade Tramitadora:	
Organos de Goberno e Central -	
Número expediente:	Documento:
AYT/XGL/21/2020	GOB14I096
29533S1P6C3X1M5T1A9L	

ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA ONCE DE XUÑO DE DOUS MIL VINTE

<p>SRES/AS ASISTENTES:</p> <p><u>SRA ALCALDESA-PRESIDENTA:</u> MARIÁN FERREIRO DÍAZ</p> <p><u>SRES/AS CONCELEIROS/AS:</u> D/D^a GUILLERMO SANCHEZ FOJO D/D^a MANUEL ANTONIO RAMOS RODRIGUEZ D/D^a ROMAN ROMERO FRANCO D/D^a MARIA DE LA MERCED TAIBO REY D/D^a M.DEL MAR GOMEZ CASAL D/D^a JOSE OREONA BRA D/D^a JOSE DAVID PITA BREIJO</p> <p><u>SRA. INTERVENTORA XERAL:</u> D/D^a MARIA DEL PILAR CANZOBRE MÉNDEZ</p> <p><u>SR. SECRETARIO XERAL:</u> D/D^a ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI</p>	<p>Na casa do Concello de Narón, ás 11:00 do once de xuño de dous mil vinte, baixo a presidencia da Sra. A ALCALDESA-PRESIDENTA, MARIÁN FERREIRO DÍAZ, reúnese a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe.</p> <p>Actúa de secretario ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI, O SECRETARIO XERAL.</p> <p>Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:</p>
--	---

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Dada conta da acta da sesión anterior, a Xunta de Goberno Local, deulle a súa aprobación.

2 .- PROPOSTA DE INCOACION DUN PROCEDIMENTO DE DELIMITACIÓN DUN ÁMBITO DE NORMALIZACIÓN DE FINCAS SITO NO LG. COTELO-PEDROSO.-

(...)

Primeiro.- **Incoar o procedemento de delimitación do ámbito de normalización de fincas** sito no Lg. Cotelo- Pedroso (referencias catastrais 2413201NJ7221S0001HA, 2413202NJ7221S0001WA e 2413210NJ7221S0001QA) proposto por José Padín Ramil (52.****11-B), Miguel Ángel Padín Ramil (3*****.805-L), Marina Padín Ramil (32.****09-E) e Abel Padín Ramil (52.4****0-X).

Segundo.- **Someter a audiencia dos interesados a dita proposta polo prazo dun mes**, para que formulen as alegacións que estimen pertinentes. O expediente estará a disposición destes no departamento de Urbanismo, sexta planta, en horario de atención ao público, previa cita, de luns a venres de 8:30 a 13:00 horas.

Terceiro.- Notificar este acordo a todos os propietarios afectados.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

3 .- PROPOSTA SOBRE ACEPTACIÓN DE SUBVENCIÓN DE LIMPEZA DE PRAIAS MARÍTIMAS DURANTE 2020.-

(..)

PRIMEIRO: Aprobar definitivamente o seguinte plan de financiamento para a Contratación de persoal para a limpeza de praias marítimas 2020, de acordo co establecido no informe adxunto e que aquí se amosa resumido:

PROXECTO	LIMPEZA DE PRAIAS MARÍTIMAS 2020
IMPORTE TOTAL	* 22.429,34 €
FINANCIAMENTO EXTERNO (A)	
Entidade	Importe
Deputación da Coruña	** 22.429,34 €
SUBTOTAL (A)	22.429,34 €
Porcentaxe de financiamento externo sobre o total do proxecto	100,00%
ACHEGA MUNICIPAL (B)	
Aplicación orzamentaria	Importe
SUBTOTAL (B)	
Porcentaxe de achega municipal sobre o total do proxecto	0,00 %
TOTAL FINANCIAMENTO (A+B)	22.429,34 €

SEGUNDO: Procederá a xeración deste importe nas seguintes aplicacións orzamentarias:

Aplicación orzamentaria	Descrición	Importe
1720 13100	Protección e mellora do medio ambiente- Salarios	17.030,60 €
1720 16000	Protección e mellora do medio ambiente- Seguridade Social	5.398,74 €
	TOTAL	22.429,34 €

TERCEIRO: Designar a esta Alcaldesa-Presidenta, Dna. Marián Ferreiro Díaz, como representante do Concello para a relación co mencionado organismo para os actos derivados da execución deste acordo.

Visto dito informe e logo da toma de razón da Intervención deste Concello, segundo o documento adxunto de código **ICO14I06T** do expediente ICO/2/2020, esta alcaldesa propón á Xunta de Goberno Local:

Adoptar o acordo segundo a proposta transcrita en todos os seus termos.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

4 .- PROPOSTA DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA PARA A ELABORACIÓN DO PLAN DE ACCIÓN PARA O CLIMA E A ENERXÍA SOSTIBLE (PACES) DO CONCELLO DE NARÓN.-

(...)



Polo anteriormente exposto, quen subscribe solicita á Alcaldía-Presidencia que someta a debate e votación da Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o seguinte plan de financiamento provisional para a elaboración do plan de acción para o clima e a enerxía sostible (PACES) do Concello de Narón, de acordo co establecido no informe adxunto de código PLA14I02X e que aquí se amosa resumido:

Proxecto	Elaboración do plan de acción para o clima e a enerxía sostible (PACES) do Concello de Narón
Importe total	10.500,00 €
Importe solicitado (80%)	8.400,00 €
Achega municipal (20%)	2.100,00 €
Aplicación orzamentaria	1510 22706 (Urbanismo – Estudos e traballos técnicos)

SEGUNDO: Solicitar a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda a subvención por valor de 10.500,00 €, ao abeiro da Orde *do 5 de maio de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais asinantes do Pacto dos alcaldes para o clima e enerxía sustentable, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional con cargo ao programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede á convocatoria para o ano 2020.*

TERCEIRO: Aceptar as condicións e os requisitos establecidos na antedita orde e demais normativa aplicable.

CUARTO: Designar á Alcaldesa-Presidenta, Dna. Marián Ferreiro Díaz, como representante do Concello para as relacións co mencionado organismo para os actos derivados da execución deste acordo.

”Visto o dito informe e logo da toma de razón da Intervención deste Concello, segundo o documento adxunto de código **ICO14I06A** (documento contable **RC 220200006863**), esta Alcaldesa propón á Xunta de Goberno Local:

Adoptar o acordo segundo a proposta transcrita en todos os seus termos.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

5 .- PROPOSTA DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA PARA A IMPLANTACIÓN E SEGUIMENTO DUNHA CAMPAÑA DE COMPOSTAXE DOMICILIARIA PARA PROMOVER A RECICLAXE DA FORSU EN ORIXE, A DESENVOLVER DO CONCELLO DE NARÓN.-

(...)

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o seguinte plan de financiamento provisional para a implantación e seguimento dunha campaña de compostaxe domiciliar para promover a reciclaxe da FORSU en orixe, a desenvolver no Concello de Narón, de acordo co establecido no informe adxunto de código PLA14I037 e que aquí se amosa resumido:

Proxecto	Implantación e seguimento dunha campaña de compostaxe domiciliaria para promover a reciclaxe da FORSU en orixe, a desenvolver no Concello de Narón
Importe total	18.022,95 €
Importe solicitado (Feder)	14.222,95 €
Achega municipal (superior ao 20%)	3.800,00 €
Aplicación orzamentaria	1623 64000 (Tratamento de residuos – Gastos en inversión de carácter inmaterial)

A retención de crédito para facer fronte ao proxecto realizarase na aplicación presupuestaria 1623 64000 (Tratamento de residuos – Gastos en inversión de carácter inmaterial) do exercicio 2021.

SEGUNDO: Solicitar a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda a subvención por valor de 18.022,95 €, ao abeiro da Orde do 5 de maio de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional con cargo ao programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se convocan en réxime de concorrencia competitiva para os anos 2020-2021.

TERCEIRO: Aceptar as condicións e os requisitos establecidos na antedita orde e demais normativa aplicable.

CUARTO: Designar á Alcaldesa-Presidenta, Dna. Marián Ferreiro Díaz, como representante do Concello para as relacións co mencionado organismo para os actos derivados da execución deste acordo.

Visto o dito informe e logo da toma de razón da Intervención deste Concello, segundo o documento adxunto de código **ICO14I06R** (documento contable **RCP 220209000060**), esta Alcaldesa propón á Xunta de Goberno Local:

Adoptar o acordo segundo a proposta transcrita en todos os seus termos.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

6 .- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA CORRECCIÓN DA MODIFICACIÓN DA SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA PARA O PROGRAMA DE "EDUCACIÓN PARA A IGUALDADE NO PROCESO EDUCATIVO FORMAL" DA ÁREA IV DO PLAN MUNICIPAL DE IGUALDADE.-

(...)

1ºSolicitar a corrección da modificación da mellora da solicitude de subvención á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, para o programa de "Educación para a igualdade no proceso educativo formal" da área IV do plan municipal de igualdade. O cadro de financiamento definitivo queda do seguinte xeito :

Importe total do programa	8.000,00€
Achega do Concello	0,00€
Achega da Consellería	8.000,00€

2ºO importe da subvención en caso de ser concedido por debaixo da cantidade solicitada, non suporá a renuncia á subvención, e financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 3341 22799

3º.- Nomear a Dona Marian Ferreiro Díaz, Alcaldesa-Presidenta, representante para as relación desta entidade coa Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza no referente a esta solicitude de subvención"

E unha vez fiscalizado coa toma de razón o informe transcrito pola Intervención municipal con data 02/06/2020 (ICO14I05V) do expediente MOC/2/2020 (RC2020000000029 e 220200000030), quen subscribe, Concelleira de Igualdade (delegada por Resolución da Alcaldía de data 25/06/2019), **PROPÓN Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL** que acorde:



- Aprobar o informe-proposta anteriormente transcrito nos seus mesmos termos.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

7.- DAR CONTA DA ACEPTACIÓN DE SUBVENCIÓN PARA A FINANCIACIÓN DOS GASTOS DE PERSOAL DA OFICINA DE TURISMO DE FREIXEIRO 2020.-

(...)

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Avocar, da Xunta de Goberno Local, a facultade de aceptación de subvención da convocatoria de referencia, polos motivos expostos nos fundamentos de dereito e dando conta a ese órgano do adoptado nese acordo.

SEGUNDO: Aprobar o seguinte Plan de financiamento definitivo (que aquí se amosa resumido) para a subvención para a financiación dos gastos de persoal da oficina de Turismo de Freixeiro 2020, de acordo co establecido no informe adxunto ASI14I09B.

Proxecto	Financiamento dos gastos de persoal da Oficina de Turismo de Freixeiro 2020	
Importe total	18.088,10 €	
Financiamento externo	16.279,76 €	
Achega municipal	1.808,34 €	
Aplicacións orzamentaria	9200 14300	Servizos xerais – Retribucións Outro Persoal

TERCEIRO: Aceptar da Excm. Deputación da Coruña a subvención para a financiación dos gastos de persoal da oficina de Turismo de Freixeiro 2020, por importe de **16.279,76 €**.

“

Visto dito informe e logo da toma de razón da Intervención deste Concello (documento adxunto de código **ICO14I037**), esta Alcaldesa

R E S O L V E :

Aprobar a proposta transcrita en todos os seus termos.

“

En cumprimento do establecido punto primeiro da resolución anterior, no tocante ás facultades avocadas, quen subscribe solicita á Alcaldía-Presidencia:

Dar conta á Xunta de Goberno Local da adopción da resolución transcrita.

“

Visto dito informe e logo da toma de razón da Intervención deste Concello, segundo o documento adxunto de código **ICO14I06L**, esta Alcaldesa:

Da conta á Xunta de Goberno Local da antedita resolución.

A Xunta de Goberno Local, deuse por enterada.

8º.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

V. e pr.

A ALCALDESA-PRESIDENTA



Asdo.- MARIÁN FERREIRO DÍAZ

O SECRETARIO XERAL



Asdo.- ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI